

Día das
Letras Galegas

Novoneyra, 2010

A figura de Uxío Novoneyra, autor ao que homenaxeamos neste Día das Letras Galegas do 2010, é a dun creador polidédrico que brillou como poeta, pero que destacou tamén como rapsoda, narrador infantoxuvenil, «contertulio» conferenciante e aínda como periodista literario e colaborador en prensa.

Dende os dezaoito anos e ata o seu pasamento, Novoneyra non deixou de escribir poesía. Ao primeiro en castelán, mais ben pronto pasaría á escrita en galego que sería, xa para sempre, a súa lingua de preferencia. Así foron necendo *Os eidos* (1955), a súa obra máis coñecida e celebrada, o bilingüe e autotraducido *Elegías del Courel y otros poemas* (1966), *Os eidos 2* (1974), os visopoemas reunidos en *Poemas caligráficos* (1979), *Muller pra lonxe* (1986), *Do Courel a Compostela* (1988), *Tempo de elexía* (1991), *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* (1994), *Camelio xaponés* (1995), *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes* (1999) e o póstumo *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999), amén de varias compilacións da súa poesía reunida.

Máis tan importante como a súa faceta de escritor de poesía foi a súa devocional entrega á recitación lírica. Novoneyra fíxose moi coñecido polos seus extraordinarios dotes como rapsoda ou *dicidor*, tal como a el lle gustaba automearse. Foron moitas as ocasións históricas nas que a súa verba poética fixo vibrar os auditorios dende que en 1950 dera o seu primeiro recital en Lugo. Os seus poemas escoltáronse en actos públicos e xuntanzas por todo Galicia nos anos 50, en Madrid nos anos 60 e aínda en Portugal e outros lugares de España na década dos 70 e 80, sendo nos últimos anos da súa vida moi solicitado con motivo das máis diversas celebracións.

Nos anos noventa, coincidindo coa crianza do seu fillo máis novo, Arturo, o escritor do Courel deu ao prelo tres entregas narrativas infantoxuvenís:

Nos anos noventa, coincidindo coa crianza do seu fillo máis novo, Arturo, o escritor do Courel deu ao prelo tres entregas narrativas infantoxuvenís:

Tivo merecida sona de excelente recitador, orador e mellor conversador

O cubil do xabarín (1991), *Gorgorín e Cabezon* (1992) e, un pouco máis tarde, *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998). Todas tres amosan nidiamente a visión telúrica e integrada na Terra do autor, quen imaxinou os seus protagonistas sempre en contacto coa fauna e as xentes das xenuínas montañas lucenses.

Tivo merecida sona Novoneyra de bo orador e mellor conversador. Non é de estrañar, por tanto, que dende ben novo frecuentase a amizade doutros colegas escritores, cos que compartiu numerosas xornadas de faladoiro. É o caso da poeta María Mariño, a quen coñeceu

Novoneyra foi un intelectual e creador de firmes conviccións. Tanto é así que a defensa dos seus postulados lingüísticos e literarios o levou en ocasións a decididos enfrontamentos cos outros escritores e persoeiros da nosa historiografía recente.

A primeira destas soadas polémicas nace en 1982, cando o autor publica na revista *Dorna* un texto para aconsellar os poetas novos que é xulgado de excesivamente paternalista por estes. Seguramente aí estivese o xermolo inicial da disensión evidenciada no Primeiro Encontro de Autores Novos, que tivo lugar en Compostela a finais de 1996. Naquela xuntanza, o ton incisivo dalgúns xuniores contra os sêniors, aos que consideraban senís e ultrapasa-

dos, fixo que o do Courel rematase a xuntanza cun durísimo discurso de réplica que ergueu un cruzamento de acusacións na prensa durante varias semanas.


Do mesmo xeito, tamén foi moi crítico cando se tivo que pronunciar respecto do conflito normati-

isolacionistas e reintegracionistas para reclamar o dereito a se expresar dialectal e prosodicamente, ao xeito dos vellos mestres do século XIX.

Ambas polémicas amosan ás claras o carácter rexo dun Novoneyra quen defendía con ardor os seus xuízos e ao que non lle tremeu o pulso cando en 1987 se tivo que se encerrar, xunto a outros colegas, na sede da RAG para denunciar as teses antigaleguistas do daquela Delegado do Goberno en Galicia, Domingo García-Sabell, pedindo a súa dimisión por apoiar o recurso contra a Lei de Normalización Lingüística. Cos tempos que corren, non estaría de máis tomar exemplo e, de paso, honrar a memoria do inmenso Novoneyra.

O polemista

vo sobre as diferentes propostas ortográficas que defendían o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega por unha banda e a Asociación Galega da Lingua pola outra. No artigo "A xeito de autopoética", aparecido en 1991, o autor de *Muller pra lonxe* afástase do defendido tanto por



Poeta, "dicidor de versos...": Novoneyra, un creador total.

no Courel en 1947 e á que a uníra unha amizade fraternal. E o mesmo se pode dicir de Manuel María, quen coñeceu tamén moi mozo en Lugo, por volta de 1948, compartindo logo o servizo militar con el e un trato moi estreito que os fixo participar en incontables actos por xunto e que levou ao de Outeiro de Rei e a súa esposa a visitar ao courelao na súa terra en 1954 e 1960 durante varios días.

Ademais, cómpre non esquecer que Novoneyra participou activamente en faladoiros como os do Lyon d'Or de Madrid nos finais dos anos 40, os do Café Español en Compostela e o Méndez Núñez en Lugo durante os 50 e aínda os do Café Gijón e o soto do Kilombo de Brais Pinto no Madrid dos anos 60. En todo estes foros a palabra do poeta era sempre moi apreciada e do trato que o uniu con algún dos contertulios deses faladoiros nacerían diferentes iniciativas literarias e culturais colectivas e/ou mancomunadas.

Ficaría incompleto este apurado retrato se non chamásemos a atención sobre o destacado papel que Novoneyra xogou como divulgador das nosas letras alí onde foi. Demosttran o que digo a súa participación nos anos 60 en Madrid en programas radiofónicos como *Poesía en Compostela* ou televisivos como *Versos a medianoche*. Neles recitaba a diario poemas e daba a coñecer autores e textos universais e, tamén si, galegos.

Como non podía ser doutra maneira, tamén foron moitas ao longo dos anos as cabeceiras que acolleron colaboracións do poeta. Entre todas elas non deben esquecerse as súas páxinas de Posguerra en *Alba, Aturuxo, Atlántida* ou *Vida Gallega* e, xa máis contra os nosos días, as achegas que fixo a *Nordés*, *Dorna*, *Olisbos* ou *A Trabe de Ouro*, entre moitas outras de Galicia e de fóra dela.

Artista poliédrico

Rapsoda, narrador, xornalista...

ARMANDO REQUEIXO

17 DE MAIO: Día das Letras Galegas

GRAVACIÓN DE TEXTOS DE UXÍO NOVONEYRA (10 a 19 H)
ESPECTÁCULO TEATRAL PARA TODOS OS PÚBLICOS (12 e 18 H)
CONCERTO "SONS NÚS" (19:30 H)

VERBUM
Casa das Palabras

Entrada gratuíta a todas as actividades do 11 ao 23 de maio de 2010 para conmemorar o Día das Letras Galegas (17 de maio) e o Día Internacional dos Museos (18 de maio)

Consellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural
Concello de Vigo

Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo